

# **BORRADOR DO REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE CARBALLO**

## **TÍTULO PRELIMINAR.**

### **DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **Artigo 1. Obxecto**

O presente regulamento ten por obxecto regular as condicións e exercicio das competencias recollidas nos artigos 25.2 k) e 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en relación co cemiterio municipal, de acordo co previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia (Decreto 134/1998, do 23 de abril), e demais normativa aplicable.

Neste Regulamento recóllense as condicións de uso e de concesión de nichos, panteóns, mausoleos e columbarios do cemiterio municipal propiedade do Concello de Carballo.

Ademais do contido no presente Regulamento, serán de aplicación ao réxime de uso do cemiterio municipal as disposicións do Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia, así como todas aquelas normas, tanto estatais como autonómicas, que rexan a materia de cemiterios e servizos funerarios.

Os aspectos económicos sobre o uso do cemiterio regularanse polas ordenanzas vixentes en cada momento.

## **TÍTULO PRIMEIRO. DAS INSTALACIÓNS E USO.**

### **Artigo 2. Das instalacións.**

Son instalacións do cemiterio municipal de Carballo o conxunto de unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) así como os elementos e edificacións accesorias (puntos de recollida de lixo, puntos de auga, baños, sala de autopsias, oficinas, capela e almacéns de usos varios).

### **Artigo 3. Definicións.**

Para efectos identificativos, denominarase:

Nicho: Unidade de enterramento construída en edificación.

Panteón: Conxunto de unidades de enterramento.

Mausoleo: Edificación onde se atopan diferentes unidades de enterramento.

Columbario: Unidade para depósito de urnas de cinzas resultantes da cremación ou para depósito de ósos.

Os nichos, panteóns e columbarios serán identificados con unha serie de números e letras, describindo así a súa ubicación.

Os/as concesionarios/as quedan obrigados a aceptar o número que lles corresponda.

### **Artigo 4. Normas xerais de uso das instalacións do cemiterio.**

O Concello velará polo mantemento da orde e o respecto adecuado á función do cemiterio, mediante o cumprimento das seguintes normas:

- a) Fíxase como horario de apertura ao público, en inverno de 09:00 a 19:00 horas (fin de semana e festivos, 10:00 a 18:00 horas) , e no verán, de 09:00 a 20:00 horas (fin de semana e festivos, 10:00 a 19:00 horas), horario que poderá ser modificado por resolución da Alcaldía, a fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos en concordancia coas esixencias técnicas, índice de mortalidade ou calquera outra circunstancia que racionalmente aconselle a súa modificación. Os horarios de apertura e peche colocaranse nun lugar visible. O horario de inverno comeza o 31 de outubro e o de verán o 31 de marzo.
- b) Os/as visitantes deberán comportarse de forma respectuosa; no caso contrario, poderán adoptarse as medidas oportunas para desaloxar do recinto a aquelas persoas que incumprisen este precepto, sen prexuízo das sancións que puidesen impoñérselles.
- c) Prohíbese a venda ambulante e a realización de calquera tipo de propaganda no interior do recinto do cemiterio.
- d) Con fin de preservar o dereito á intimidade e á propia imaxe dos usuarios/as, non se poderán obter fotografías, debuxos, nin filmacións das dependencias e instalacións do cemiterio. As vistas xerais ou parciais do cemiterio esixirán a autorización previa do Concello, a través dunha resolución da Alcaldía.
- e) O Concello realizará, dentro das súas posibilidades, unha vixilancia xeral do recinto do cemiterio, se ben non se responsabiliza dos roubos ou das deterioracións que poidan ter lugar nas unidades de enterramento.
- f) Só se realizarán inhumacións ata media hora antes da correspondente ao peche das instalacións.
- g) A entrada de materiais para a execución de obras realizarase unicamente durante o horario que fixa con esta finalidade o Concello de Carballo. As obras que sexan realizadas por particulares deberán executarse durante o horario de apertura ao público e deberán contar coas correspondentes licenzas ou autorizacións.
- h) Os labores de limpeza, mantemento ou ornato das unidades de enterramento deberán realizarse exclusivamente no horario que para tal efecto estableza o Concello. Concluídas as citadas actividades, o espazo intervindo e a súa contorna deberán quedar nas debidas condicións de limpeza e ornato, e, no menor espazo de tempo posible, deberán retirarse os entullos, desperdicios e material de traballo empregado.
- i) Prohíbese realizar dentro do cemiterio, operacións de serra de pezas ou mármores, así como de despezamento, fabricación de formigón ou outros similares. Cando por circunstancias especiais se precise facelo, deberá solicitarse autorización. Esta autorización resolverase mediante resolución da Alcaldía e nela designarase, para estes efectos, un lugar e un horario concreto.
- k) Fora do horario de apertura queda expresamente prohibido levar a cabo inhumacións e realizar calquera tipo de traballos dentro do recinto do cemiterio, salvo casos excepcionais, debidamente xustificados e autorizados por resolución da Alcaldía.
- l) Non se permitirá a entrada no cemiterio de vehículos, salvo os expresamente autorizados, nin de bicicletas e motocicletas. Os vehículos, bicicletas e motocicletas quedarán no aparcadoiro.
- m) As lápidas, cruces, alzados, etc que se coloquen en nichos, panteóns e columbarios, pertencen aos seus concesionarios. O seu arranxo e conservación será por conta dos concesionarios e estes estarán obrigados a mantelos no estado de decoro que require o lugar.
- n) As obras de inscricións funerarias deberán estar en consonancia co respecto debido á función do recinto e deberán contar coa preceptiva autorización.

ñ) Queda prohibido, salvo autorización especial do Concello, o acceso aos osarios xerais, así como a cantas dependencias ou instalacións estean reservadas ao persoal autorizado.

o) A conservación e o mantemento das unidades de enterramento concedidas correrán a cargo das persoas concesionarias.

### **Artigo 5. Liberdade de culto.**

Non existirá discriminación ningunha á hora dos enterramentos por razóns de relixión. Non se reservará ningunha zona de carácter especial para enterramentos que poida supoñer discriminación.

Os servizos relixiosos no cemiterio serán prestados en virtude do principio constitucional de liberdade de culto, de acordo cos ritos das confesións existentes, sen máis limitacións que o respecto debido ás demais crenzas relixiosas e de mantemento da orde pública.

### **Artigo 6. Obrigas dos/as usuarios/as.**

Todos/as os/as usuarios/as do cemiterio municipal teñen o deber de utilizar as instalacións conforme ao establecido no presente Regulamento.

As empresas e profesionais que exerzan actividades construtivas, funerarias ou de calquera outro tipo, a instancia dos titulares de dereitos funerarios, nas instalacións do cemiterio, ademais, deberán de contar, por un lado, coas preceptivas autorizacións administrativas para o exercicio da súa actividade e, por outro lado, coas licenzas de obra ou actividade, de inhumación ou exhumación, ou calquera outra regulada neste regulamento ou na lexislación sectorial, respecto de cada unha das actuacións que realicen nas distintas unidades de enterramento.

## **TÍTULO SEGUNDO. DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA USO PRIVATIVO DE NICHOS E PANTEÓNS E DO DEREITO FUNERARIO**

### **Artigo 7. Constitución do dereito funerario.**

A ocupación de cada nicho, mausoleo, panteón ou columbario conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante e do pagamento das taxas previstas na correspondente ordenanza fiscal.

O dereito funerario xorde tralo pago da taxa pola concesión administrativa, outorgada polo Concello. Esta concesión, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, así como no artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das entidades locais.

En todo caso, os nichos, mausoleos, panteóns e columbarios seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Carballo, polo tanto, non poderán ser obxecto de compravenda, permuta, nin transacción de ningunha clase sen a preceptiva autorización municipal e con arranxo á normativa vixente.

Quedan excluídos do réxime xeral de concesión os enterramentos gratuítos que se realicen en cumprimento da lexislación vixente.

### **Artigo 8. Duración do dereito funerario.**

As concesións administrativas demaniais de nichos, mausoleos, panteóns e columbarios terán (unha duración máxima de 75 anos). A renovación da concesión deberá ser solicitada con un

mes de antelación á data de finalización da concesión e levará consigo o pago das taxas actualizadas nese momento.

A inhumación en unidades de enterramento reservadas polo Concello para casos de emerxencia social non dará lugar en ningún caso ao nacemento ou outorgamento de dereito funerario a favor dos familiares do/a falecido/a das ditas unidades de enterramento.

### **Artigo 9. Inscripción e rexistro do dereito funerario.**

O Concello levará un rexistro de todas as concesións e as súas vicisitudes, das unidades de enterramento e das operacións e incidencias que lles afecten, que incluírá, como mínimo, un rexistro de nichos, mausoleos, panteóns e columbarios, un rexistro de inhumacións, de exhumacións e traslados, así como un rexistro de saída de comunicacións e, se é o caso, os demais esixidos pola normativa aplicable.

A concesión poderá ser obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade de conformidade co disposto na lexislación aplicable. Prohíbese o gravame do dereito funerario con calquera clase de dereito real (en particular hipoteca) ou persoal, así como a súa división.

O dereito funerario das unidades de enterramento nace co pagamento do acto administrativo da concesión e quedará garantido mediante a inscrición no libro de rexistro do cemiterio e a expedición do título nominativo.

O dereito funerario rexistrarase a nome persoal e individual do propio peticionario ou daquela persoa ou persoas que se indiquen na solicitude, constando sempre os datos persoais suficientes de todas as persoas afectadas pola concesión.

### **Artigo 10. Dereito dos titulares do dereito funerario.**

Os titulares do dereito funerario terán os seguintes dereitos:

- a) A conservación de cadáveres, restos cadavéricos ou cinzas nos nichos, mausoleos, panteóns ou columbarios durante o tempo de duración da concesión, de acordo co disposto na normativa municipal, na lexislación sobre policía sanitaria mortuoria e demais normativa aplicable.
- b) A ordenación das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras prestacións que deban efectuarse no nicho, tumba, panteón ou columbario adxudicado.
- c) A esixir a prestación dos servizos de inhumación, exhumación, traslado e demais postos á súa disposición polo Concello, coa dilixencia, profesionalidade e respecto esixidos.
- d) A esixir a adecuada conservación, limpeza xeral do recinto e coidado de zonas xerais axardinadas.
- e) A formular ante o Concello cantas reclamacións estime oportunas.

### **Artigo 11. Obrigas dos titulares do dereito funerario.**

Os concesionarios/as terán as seguintes obrigas:

- a) Ter a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria o título xustificativo do seu dereito, que lles será facilitado polo Concello no momento da concesión.
- b) Satisfacer a contía das taxas e prezos que se establecen nas correspondentes ordenanzas.
- c) Satisfacer calquera gasto ou atributo que sexa legal ou regulamentariamente esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

- d) Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado.
- e) Coidar de que as unidades concedidas e os seus espazos lindeiros se atopen en todo momento en bo estado, limpos e libres de obstáculos e residuos, limitando a colocación de elementos ornamentais ao espazo físico asignado.
- f) Facilitar os datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou servizos sanitarios.
- g) Dispor das autorizacións necesarias para a inhumación, exhumación, redución de restos ou traslado de cadáveres e demais restos cadavéricos.
- h) Observar, en todo momento, un comportamento adecuado, acorde co recollido no artigo 4 do presente Regulamento.
- i) Depositar o lixo e os residuos nos recipientes previstos a tal fin.
- k) Cumprir cantas outras obrigas resulten deste regulamento, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións legais que sexan de aplicación, especialmente en materia de sanidade mortuoria.

### **Artigo 12. Adxudicación do dereito funerario.**

Poderán optar á adxudicación do dereito funerario sobre nichos, panteóns e columbarios, exclusivamente ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Plena capacidade de obrar.
- b) Non estar incursas en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación contractual como prohibitivas para contratar co sector público.
- c) Cumprir as limitacións e requisitos establecidos neste Regulamento e demais normativa que, se é o caso, resulten aplicables.

Consideraranse nulos e sen efecto ningún calquera acordo, disposición testamentaria, pacto ou contrato que sexa contrario ás disposicións do presente Regulamento.

En ningún caso poderá rexistrarse o dereito funerario a nome de persoas xurídicas nin de compañías de seguros, de previsión ou calquera outra similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, garantan aos seus afiliados o dereito a sepultura para o día do seu falecemento. As devanditas compañías unicamente poderán obrigarse a proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

### **Artigo 13. Procedemento de outorgamento do dereito funerario.**

O expediente administrativo de concesión do dereito funerario tramitarase ao abeiro da normativa básica reguladora en materia de patrimonio, da lexislación sectorial e, en todo caso, de conformidade cos principios de libre concorrencia, publicidade e prioridade na orde de solicitude.

Excepcionalmente, poderase outorgar directamente a concesión nos termos previstos nos art. 93 e 137 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

### **Artigo 14. Causas de extinción do dereito funerario.**

O dereito funerario extinguirase:

- a) Por morte do/a titular do dereito funerario ou perda da capacidade de obrar, sen que a comunidade hereditaria regularice a situación administrativa nun prazo de 5 anos.
- b) Falta de autorización previa do Concello, nos supostos de transmisión ou modificación.
- c) Incorrer nalguna das causas de prohibición previstas para contratar na lexislación de contratación do sector público.
- d) Expiración do prazo da concesión, sen que esta fose renovada no prazo máximo de 5 anos. De non renovarse a concesión, requirirase á titularidade para que proceda ao traslado dos restos aos osarios ou columbarios especiais ou outros lugares que permita a lexislación sectorial.
- e) Rescate da concesión, tras a indemnización previa.
- f) Por renuncia expresa dos titulares do dereito, tras a aceptación previa do Concello. A renuncia non dará dereito en ningún caso á devolución total ou parcial do canon satisfeito ou calquera outro tributo ou gasto satisfeito en razón á titularidade do dito dereito ao que se renuncia e non implicará a extinción das obrigas tributarias xeradas con anterioridade, así como de calquera outra clase de obriga recollida neste Regulamento.
- g) Por sanción por incumprimento moi grave das obrigas do titular do dereito, de conformidade co disposto no título cuarto do presente Regulamento.
- h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento, ao que se asimilará a declaración de ruína.
- i) Por abandono da unidade de enterramento. Para todas as concesións de unidades de enterramento, transcorrido un ano ou, se é o caso, o tempo que reste de concesión, desde o enterramento ou falecemento do titular do dereito funerario sen que os beneficiarios favorecidos ou herdeiros insten a transmisión do dereito, o Concello incoará e resolverá o expediente de extinción do dereito funerario. Cando iniciado este expediente se solicite a dita transmisión, cursaráselle ao/á petionario/a, co correspondente aboamento dos dereitos económicos que no seu caso se establezan. Para iso o Concello publicará no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión, a apertura dun prazo de seis meses para que quen se considere con dereito poida exercer o seu dereito de transmisión da titularidade. Se no dito prazo, contado a partir da última publicación, non se formulase solicitude por ningún dereito-habente, extinguirase a concesión, tras a resolución previa da Alcaldía neste sentido.
- k) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexa a concesión, e demais previstas pola normativa aplicable.

### **Artigo 15. Extravío do título de dereito funerario**

A perda dun título dará dereito á expedición dun duplicado a favor do titular. Os erros de nomes, apelidos ou calquera outro dato nos títulos rectificaranse a instancia da persoa titular, logo da xustificación e comprobación correspondente.

Cando, polo uso ou calquera outro motivo, un título sufrise deterioración, poderase cambiar por outro igual ao nome da mesma persoa titular.

### **Artigo 16. Do contido do dereito funerario.**

O dereito funerario atribúe ao seu titular os dereitos e obrigas que se recollen no articulado do presente Regulamento e, en concreto, o uso das unidades de enterramento asignadas para a inhumación, exhumación e conservación de cadáveres, restos cadavéricos ou cinzas durante o tempo fixado na concesión, e de acordo co contido do dereito concedido.

O Concello recoñecerá a prol de particulares o dereito de usar un nicho, tumba, panteón ou columbario previamente construído polo Concello para a inhumación do titular, no seu día, a dos seus familiares e a das persoas que designe.

O dereito funerario, tal e como recoñecen os artigos anteriores, límitase ao uso das correspondentes construcións e queda suxeito ás disposicións do presente Regulamento e ás súas modificacións.

#### **Artigo 17. Esgotamento da capacidade do cemiterio.**

Cando por esgotamento da capacidade do cemiterio, o número de unidades de enterramento fose escaso, limitarase o outorgamento de concesións ata que non se amplíe o recinto.

#### **Artigo 18. Transmisión da concesión.**

O dereito funerario será transmisible por actos intervivos, previo pagamento das taxas oportunas e co trámite administrativo correspondente, non recoñecéndose nova titularidade sobre a concesión administrativa sen a previa autorización do Concello de Carballo.

A transmisión do dereito funerario poderá realizarse tamén por actos «mortis causa», igualmente coa acreditación documental suficiente dos lexítimos dereitos hereditarios das persoas que ostenten a nova concesión, requiríndose igualmente resolución favorable do Concello.

A transmisión «mortis causa» do dereito funerario rexerese polas normas establecidas na lexislación civil para as sucesións, considerándose beneficiario a quen corresponda por sucesión testada ou intestada.

A transmisión non alterará o prazo máximo de duración da concesión.

O cambio de titularidade farase sen prexuízo de terceiro con mellor dereito e só terá efectos administrativos internos, sen prexulgar ningunha cuestión de carácter civil.

#### **Artigo 19. Limitacións da transmisión do dereito funerario.**

Toda transmisión de dereito funerario deberá ser feita a favor dunha ou varias persoas aptas para ser titular de dereitos funerarios, segundo este Regulamento, sen división en cotas e pura e incondicionalmente.

Os beneficiarios ou herdeiros, no seu caso, deberán solicitar a transmisión da titularidade da concesión ao Concello no prazo máximo de cinco anos desde o falecemento do titular, acompañando o título da unidade de enterramento e os documentos xustificativos do seu dereito.

#### **Artigo 20. Documentación a achegar para a tramitación da transmisión.**

- a) Certificado do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade emitido polo Ministerio de Xustiza.
- b) No caso de sucesión testada, copia compulsada de testamento, debidamente protocolado no se é o caso, así como copia da aceptación ou partición da herdanza de ser o caso.
- c) No caso de sucesión intestada, certificado do Rexistro Civil ou copia compulsada do libro de familia que acredite o grao de parentesco co causante ou ben copia da acreditación notarial/xudicial de herdeiros.
- d) DNI das persoas beneficiarias.

- e) No caso de ser varios titulares, nomeamento de representante ante o Concello.
- f) Acreditación do pago das taxas establecidas polo Concello, se é o caso.
- g) Calquera outra solicitada polos servizos do Concello necesaria para aclarar a titularidade dos dereitos.

En defecto ou imposibilidade de obtención de algún dos documentos anteditos, a solicitude acompañarase dunha declaración xurada da parte solicitante, na que se acrediten as circunstancias correspondentes, e o Concello de Carballo resolverá o que considere oportuno.

## **TÍTULO TERCEIRO. DAS INHUMACIÓNS E DA EXHUMACIÓNS**

### **Artigo 21. Inicio do procedemento**

A inhumación e exhumación de cadáveres, restos humanos e restos cadavéricos farase de conformidade co disposto na lexislación sectorial.

O procedemento iniciarase a instancia de:

- a) Os titulares ou os familiares de dereitos funerarios, nas unidades de enterramento obxecto da concesión, tras a solicitude previa e a obtención dos permisos e licenzas regulados neste regulamento.
- b) De oficio naquelas unidades de enterramento reservadas para casos de emerxencia social, ou no caso de extinción dos dereitos funerarios existentes.
- c) Por orde da autoridade xudicial ou a administración sanitaria competente.

### **Artigo 22. Deberes das empresas funerarias**

Aquelas empresas e profesionais que exerzan as actividades funerarias previstas neste título están obrigadas a asegurarse de dispor de todos os permisos e licenzas previstos, neste Regulamento así coma na lexislación sectorial, incluíndo:

- a) O selado dos nichos, mausoleos, panteóns e columbarios con materiais axeitados, e a colocación das lápidas.
- b) A retirada de todos os materiais de construción sobrantes utilizados nas operacións previstas neste título.

### **Artigo 23. Solicitude de inhumación**

A toda solicitude de inhumación haberá de acompañarse, polo menos, a seguinte documentación:

- a) Petición de inhumación, no seu caso asinada por un titular de dereito funerario da unidade de enterramento ou o seu herdeiro, ou a correspondente orde xudicial ou da Administración sanitaria competente.
- b) A licenza de enterramento expedida polo Rexistro Civil ou autoridade xudicial competente.
- c) No seu caso, o título do dereito funerario, ou a indicación da data da súa concesión e a localización da unidade de enterramento.
- d) A acreditación do aboamento das taxas que, se é o caso, se xeren a favor do Concello de Carballo, pola correspondente ordenanza fiscal.



e) O resto da documentación que sexa esixida de acordo coa normativa de policía sanitaria e mortuoria.

f) Cando se trate de cinzas, ademais da documentación antes citada, acompañarase o correspondente certificado da incineración.

Na orde sanitaria, os restos humanos só requirirán para a súa condución, traslado, inhumación ou cremación un certificado médico que acredite a causa e a procedencia de tales restos, ademais da licenza de inhumación antedita.

As empresas de servizos funerarios que interveñan en xestións, solicitudes e autorizacións, entenderase que actúan en calidade de representante do titular do dereito funerario, vinculando a este e producindo todos os seus efectos calquera solicitude ou consentimento que por aquelas se formule.

#### **Artigo 24. Comunicación previa para inhumacións.**

As inhumacións requirirán de previa comunicación ao Concello de Carballo e deberán conter como mínimo:

a) Nome e apelidos da persoa que se vai inhumar.

b) Idade, domicilio e data de defunción.

c) Lugar de inhumación, coa consignación específica da unidade de enterramento onde debe ser inhumada.

A comunicación de inhumación deberá presentarse no cemiterio xunto ao cadáver ou restos cadavéricos. A ausencia desta suporá o depósito dos cadáveres ou dos restos cadavéricos nas instalacións do cemiterio ata que se obteña esta.

#### **Artigo 25. Inhumacións en unidades de enterramento de titularidade municipal.**

Nas unidades de enterramento de titularidade municipal que non teñen sido obxecto de concesión, terán lugar as inhumacións previstas na lexislación sectorial, así como as que procedan, previo informe dos servizos sociais do Concello.

Logo de transcorrer o período mínimo esixido pola lexislación sectorial sanitaria para proceder á exhumación, os restos poderán ser reinhumados no osario xeral.

#### **Artigo 26. Requisitos das exhumacións de cadáveres.**

Para a exhumación dun cadáver ou de restos cadavéricos, deberá transcorrer o prazo mínimo sinalado na lexislación vixente en materia sanitaria, salvo nos casos en que se produza intervención xudicial.

Deberase comunicar ao Concello de Carballo a realización de toda exhumación de cadáveres ou restos cadavéricos que se realice, a cal conterá os mesmos datos esixidos para a comunicación de inhumación.

Xunto coa comunicación acompañarase, necesariamente:

a) Acreditación do título do dereito funerario do solicitante, no seu caso.

b) Autorización do titular do dereito funerario da unidade de enterramento na que se vai proceder á súa reinhumación, no caso de que se faga no mesmo cemiterio.

c) Autorización de exhumación outorgada polo Servizo Territorial da Xunta de Galicia con competencias en materia de sanidade.

### **Artigo 27. Suspensión temporal de exhumacións.**

O Concello de Carballo poderá suspender temporalmente as exhumacións por calquera causa xustificada e deberá comunicarllo ao Servizo Territorial con competencias en materia de sanidade.

### **Artigo 28. Exhumacións en unidades de enterramento de titularidade municipal.**

A exhumación en unidades de enterramento de titularidade municipal, xa sexa aquelas nas que se extinguiran por calquera causa dereitos funerarios a favor de terceiros ou ben aquelas destinadas aos enterros previstos no artigo 27, requirirá un expediente previo no que se dea audiencia aos familiares coñecidos dos falecidos. No caso de que fosen descoñecidos procederase á publicación dun anuncio no boletín oficial que corresponda, de conformidade coa lexislación de procedemento administrativo común.

Logo de ditar a resolución de exhumación, os familiares disporán dun mes desde a notificación para proceder ao traslado dos restos ao seu cargo, tras a acreditación previa de cumprimento da normativa sanitaria vixente e o pago das taxas correspondentes. Ao transcorrer este período poderá procederse ao traslado dos restos ao osario xeral ou fosa común.

### **Artigo 29. Libros de rexistros.**

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei orgánica 5/1999 de protección de datos persoais, así como o Decreto 134/1998 de policía sanitaria mortuoria de Galicia e a Orde de 12 de maio de 1998 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, créanse os seguintes Libros de Rexistro, co seu correspondente ficheiro de datos informatizado:

- a) Libro de Rexistro de Dereitos Funerarios sobre unidades de enterramento.
- b) Libro de Rexistro de cemiterio.

### **Artigo 30. Libros de Rexistro de Dereitos Funerarios sobre Unidades de Enterramento.**

Nos Libros Rexistro de Dereitos Funerarios sobre Unidades de Enterramento farase constar:

- a) Identificación completa da unidade de enterramento (rúa e número).
- b) Data de adxudicación do dereito funerario.
- c) Características da adxudicación.
- d) Nome, apelidos, domicilio e DNI da/s persoas/as titular/es, identificando o representante ante o Concello.
- e) Nome, apelidos, domicilio e DNI da/s persoa/s beneficiaria/s, se se designara.
- f) Transmisións posteriores, se se produciran.

### **Artigo 31. Libro de Rexistro do cemiterio**

No Libro de Rexistro do cemiterio farase constar:

- a) Número de rexistro.
- b) Defunto ou persoa a quen pertencían os restos con especificación de nome, apelidos, sexo, idade, DNI, domicilio, municipio e provincia de residencia habitual.

- c) Data, hora, localidade e provincia da defunción.
- d) Causas da morte.
- e) Facultativo que asina o certificado de defunción, con especificación de nome, apelidos e número de colexiado.
- f) Familiar ou representante legal do falecido con especificación de nome, apelidos, domicilio completo, DNI, municipio, código postal e provincia.
- g) Clase de féretro.
- h) Data de concesión da licenza municipal.
- i) Data e hora en que se realiza o servizo.
- k) Tipo de servizo: inhumación, exhumación, reinhumación, cremación ou redución de restos.
- l) Funeraria que entrega ou recibe o cadáver ou restos.
- m) Lugar de inhumación, exhumación ou reinhumación, no propio cemiterio ou lugar de destino, identificando a unidade de enterramento.

#### **TÍTULO CUARTO. DO RÉXIME SANCIONADOR**

##### **Artigo 32. Tipificación das infraccións**

Serán infraccións leves, sempre que non se cualificaran como graves ou moi graves, as seguintes:

- a) A perturbación da tranquilidade do recinto.
- b) O incumprimento do horario establecido para o acceso ao cemiterio.
- c) A incorrección leve ou puntual co resto das usuarias e usuarios do cemiterio ou coas empregadas e empregados públicos.
- d) Botar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias ou unidades de enterramento.
- e) A incorrección no uso das diferentes instalacións do cemiterio municipal.
- f) A falta de dilixencia no trato dos bens das usuarias e usuarios do cemiterio ou da propia Administración.
- g) A perturbación no uso dos espazos públicos por outra ou outras persoas, incluíndo a entrada no recinto con vehículos non autorizados, bicicletas ou motocicletas.
- h) Calquera outro incumprimento das obrigas dos usuarios recollidas neste regulamento que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

Serán infraccións graves as seguintes:

- a) A perturbación da tranquilidade e a vulneración dos dereitos das usuarias e usuarios mediante a realización de fotografías, debuxos, filmacións ou calquera outro tipo de actuacións similares no recinto.
- b) A ocupación dos espazos públicos do cemiterio para a realización de calquera tipo de actividade comercial e de propaganda no recinto.

- c) As ofensas graves de palabra, ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do servizo, ao persoal de Inspección Sanitaria, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.
- d) Os actos de deterioro das instalacións e elementos do cemiterio cando a súa contía non exceda os 3.000 euros.
- e) As infraccións que, sendo leves, sexan reiteración dunha anterior.
- f) A comisión de tres infraccións leves no prazo dun ano.

Serán infraccións moi graves:

- a) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo de cemiterio, e a realización de actuacións suxeitas a autorización ou licenza sen obter previamente esta.
- b) O impedimento de uso do espazo público no que se presta o servizo de cemiterio.
- c) Os actos de deterioro grave e relevante das instalacións e elementos do cemiterio cando a súa contía exceda dos 3.000 euros.
- d) Os actos de coacción ou suborno ao persoal do cemiterio.
- e) A usurpación ou ocupación de bens de dominio público sen título.

### **Artigo 33. Sancións.**

As sancións correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta os criterios seguintes:

- a) A afectación á saúde e á seguridade das persoas.
- b) A posibilidade de reparación ou restablecemento da realidade.
- c) O beneficio derivado da actividade infractora.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) A reincidencia.
- f) O grao de malicia do/a causante da infracción.
- g) O grao de participación no feito por título diferente de autoría.

As multas a impoñer teñen tres posibles graos, que se corresponden respectivamente co carácter leve, grave ou moi grave da infracción, cos límites seguintes:

Infraccións leves, ata 750,00 €.

Infraccións graves, dende 750,01 ata 1.500,00 €.

Infraccións moi graves, dende 1.500,01 ata 3.000,00 €.

### **Artigo 34. Procedemento sancionador**

Será competente para impoñer as sancións, a Alcaldía ou a concellería delegada correspondente, tras o informe previo dos servizos municipais, e a tramitación de expediente no que se lle dea audiencia ao presunto infractor ou infractora, tramitado segundo o disposto na lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con independencia das sancións que poidan impoñerse, o/a infractor/a estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que se fixe na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarao executivamente o órgano competente para impoñer as sancións. Disposición Final En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no